

Informe das xuntanzas sectoriais de política social

As organizacións sindicais asinantes (CIG, CCOO, UGT, USO, CUT e SNEP) informamos ás traballadoras e traballadores dos sectores de Escolas Infantís 0-3, Menores e Discapacidade sobre o resultado das recentes xuntanzas mantidas coas respectivas representacións empresariais/asociación de cada sector.

Sector de Escolas Infantís 0-3

- **Data da xuntanza:** 12 de decembro
- **Asistencia empresarial:** ASEIGAIS e AFESIN.

ACADE xustificou a súa ausencia delegando en AFESIN e AEIOU delegou en AGADEI. Lamentamos e denunciámos o plantón inxustificado desta última, a asociación que aglutina o maior número de escolas, o que constitúe unha total falta de respecto á parte social e ás traballadoras do sector sendo, como son, os maioritarios do sector.

- **Desenvolvemento:** a xuntanza evidenciou o nulo marco de interlocución real e o descoñecemento da situación por parte das asociacións presentes, que centraron a súa intervención case exclusivamente nos problemas empresariais (amortización de comedor, a perda de ganancias en caso de baixada de ratios,...).

A reunión resultou inválida para avanzar en melloras laborais, sociais e salariais. As asociacións asistentes coinciden coas necesidades do sector e as nosas reivindicacións, conscientes da precariedade do sector. Non existe unha patronal galega real nin vontade para constituír un marco de negociación autonómico a curto ou medio prazo, con esta disposición e falta de implicación empresarial. As OO. SS. requirímoslles que concreten unha estrutura de representación empresarial (patronal ou patronais) que permita unha interlocución efectiva, e que non condicionen nin dificulten o dereito das traballadoras a mobilizarse. Os sindicatos seguiremos priorizando a defensa das condicións laborais e salariais das traballadoras no ámbito en que sexa efectivo, apuntando cara a Administración pero, tamén, cara a quen se poña de perfil ou poña pedras no camiño.

Sector de Menores

- **Data da xuntanza:** 12 de decembro.
- **Patronais asistentes:** GAFIX e AGACEME.
- **Acordo principal:** a patronal recoñeceu a unidade sindical e aludiu á posibilidade de asinar un acordo retributivo autonómico recollido no Convenio Estatal para paliar as carencias salariais e evitar a perda de poder adquisitivo a partir do 1 de xaneiro de 2026.
- **Aplicación do convenio:**
 - **AGACEME:** Comprométese a aplicar e aboar o Convenio integramente dende esa data.
 - **GAFIX:** Propón a aplicación dende xaneiro de 2027, pero a posibilidade, con carácter retroactivo, dende xaneiro de 2026.

- **Novo decreto de ratios da Xunta:** denunciámos que as OO. SS. non fomos convidadas para participar na elaboración do novo decreto da Xunta, que está paralizado e sen data.
- **Próximos pasos:** a patronal GAFIX elaborará un borrador do acordo. Convocamos unha nova xuntanza para o 19 de xaneiro para valorar, darlle forma e negociar o acordo, trasladándoo á Administración unha vez pechado.

Sector de Discapacidade

- **Data da xuntanza:** 9 de decembro.
- **Patronais asistentes:** INRED.

AEDIGAL rexeitou a invitación por considerar que o ámbito non era o autonómico, que era estatal e eles non o vían apropiado. Explicóuselles cal era o motivo da reunión e o claro ámbito autonómico da mesma e nin respostaron.

- **Puntos de encontro:** IN RED coincide coas nosas reivindicacións e apoia un complemento autonómico que dignifique as condicións salariais. Anuncian unha campaña de concienciación da situación do sector para o primeiro semestre de 2026.

As discrepancias entre as propias patronais e o intento de capitalización do sector por parte de FADEMGGA complican o establecemento dun marco de negociación. As OO. SS. seguiremos loitando por abrir unha mesa de diálogo coa Consellería que facilite o entendemento entre as partes.

Posicionamento común das OO. SS.

As organizacións sindicais participantes manifestamos:

- **Compromiso coas persoas traballadoras:** a nosa única prioridade é a defensa dos dereitos e a consecución de melloras salariais e laborais concretas e efectivas en todos os sectores.
- **Unidade de acción:** continuaremos traballando de forma conxunta para forzar as melloras necesarias nos ámbitos onde sexa posible e efectivo, denunciando a falta de vontade por parte dalgunhas representacións empresariais e o ninguneo sistématico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

